

Belén Villar González voceira do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Ponteareas, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte MOCIÓN:

Este Grupo Municipal tivo coñecemento a través dos medios de comunicación locais que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución N°1 de Ponteareas, imputou á Edil socialista neste Concello, D<sup>a</sup> Vanesa Fernández Soage, por un presunto delito de prevaricación na xestión da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, delito recollido no artigo 405 do Código Penal;

*“A la autoridad o funcionario público que, en el ejercicio de su competencia y a sabiendas de su ilegalidad, propusiere, nombrare o diere posesión para el ejercicio de un determinado cargo público a cualquier persona sin que concurren los requisitos legalmente establecidos para ello, se le castigará con las penas de multa de tres a ocho meses y suspensión de empleo o cargo público por tiempo de uno a tres años”.*

Todo isto do que se tivo coñecemento está relacionado coa actividade de goberno desta Concelleira durante a anterior lexislatura cando ostentaba a responsabilidade da área de seguridade, polo que este grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno municipal acorda a COMPARECENCIA da Concelleira Vanesa Fernández Soage para que nos responsa e aclare o seguinte:

1. É verdade que vostede está sendo investigada por un presunto delito de prevaricación?
2. De ser certo esta investigación:
  - a) Está relacionado coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ponteareas? Quen puxo a denuncia? Qué denuncian?
  - b) Que feitos lle imputa o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución N°1 de Ponteareas?

En Ponteareas, a 30 de novembro de 2019

  
M<sup>a</sup> Belén Villar González

**ATT: PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS**